

OPORTUNIUS

Oportunidades para unha carreira científica excelente en Galicia



I ENCONTRO OPORTUNIUS

Mércores 16 de decembro de 2020
De 10.30 a 12.00 h

Salón de Actos da Axencia Galega de Innovación GAIN
Rúa Airas Nunes s/n 15702 Santiago de Compostela

I ENCONTRO OPORTUNIUS_ PROGRAMA HORIZON 2020

O **programa Oportunius** é unha iniciativa da Xunta de Galicia –en colaboración co Sistema Universitario Galego (SUG), o Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e outros organismos de investigación de Galicia– que ofrece condicións atractivas para reter, retornar e atraer talento investigador a Galicia.

A finalidade do programa é xerar oportunidades para investigadores e investigadoras excelentes que queiran desenvolver a súa carreira científica en Galicia. Oportunius facilita formación e servizos de asesoramento para mellorar as opcións de acceso ás axudas do European Research Council (ERC); ademais, proporciona apoio económico complementario para o desenvolvemento do proxecto científico, no caso de que xa se dispoña dunha axuda do ERC.

OBXECTIVO

O obxectivo deste encontro é difundir as axudas do ERC e os servizos e oportunidades do Programa Oportunius; así como dar a coñecer aos científicos e científicas que contan con axudas do ERC e están a desenvolver a súa carreira en Galicia.

Actualmente Galicia conta cun colectivo de 24 investigadores e investigadoras que recibiron axudas do ERC, das cales 5 posúen un contrato Oportunius. Ademais, 14 finalistas recibiron apoio para incrementar as súas posibilidades de éxito en futuras convocatorias. A eles súmanse as máis de 190 persoas participantes nos talleres de formación e servizos de asesoramento do programa.



PROGRAMA

I ENCONTRO OPORTUNIUS

Mércores 16 de decembro de 2020
De 10.30 a 12.00 h

Salón de Actos da Axencia Galega de Innovación GAIN
Rúa Airas Nunes s/n 15702 Santiago de Compostela



10.30 - 10.35 h

Benvida

Patricia Argerey. Directora da Axencia Galega de Innovación GAIN

10.35 - 11.00 h

Presentación do programa Oportunius e balance 2014-2020

Francisco Conde. Vicepresidente segundo e Conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia

11.00 - 11.20 h

Presentación do programa de axudas European Research Council (ERC) 2021-2027 e convocatorias 2021

José M.F. Labastida. Head of ERC Scientific Department

11.20 - 12.00 h

Conferencia: "Investigando a obesidade en Galicia: Sinerxía entre Centros Singulares e ERC"

Rubén Nogueiras. Investigador Distinguido do programa Oportunius no Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas CIMUS da USC e beneficiario dunha *Starting Grant* e da primeira *Sinergy Grant* con participación galega. Recentemente foi galardoado co *European Journal of Endocrinology Award* que outorga a Sociedade Europea de Endocrinoloxía.

12.00 h

Despedida do Encontro

